

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación da modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.



4. O GDR 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación	Data remisión Agader, nº entrada	
06/03/2025	10/07/2023	2023/2024145
	10/03/2025	2025/803843

5. En data 16/01/2026 (nº de entrada 2026/123657), o GDR 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos remitiu á Axencia solicitude de modificación das normas de xestión da súa estratexia (varios apartados do epígrafe J), no referente aos limites de axuda pública dos proxectos de natureza produtiva e non produtiva (pasando de 50.000,00€ a 75.000,00€), aos criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública), as limitacións sectoriais asi como a corrección de erros na redacción de varios apartados deste epígrafe.

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o



período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos



proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

A modificación proposta adecúase igualmente ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 23 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos que figuran como anexo deste documento coas modificacións propostas.

Na data da sinatura electrónica

A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia, 56, Laraño
Tfo +34 981 547 354



A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia, 56, Laraño
Tfo +34 981 547 354





ESTRATEGIA EPÍGRAFE J

NORMAS PARA A XESTIÓN DE
EDPL 2023-2027

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



Xacobeo 21-22





CONTIDO

J. Requisitos de subvencionalidade de proxectos.	4
J.1. Requisitos de subvencionalidade de proxectos.	4
J.1.1. Requisitos xerais.	4
J.1.2. Requisitos específicos.	4
J.1.3. Requisitos específicos para servizos e comercio minorista.	5
J.1.4. REQUISITOS ESPECÍFICOS NO SECTOR DE PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA.	5
J.1.5. REQUISITOS ESPECÍFICOS CREACIÓN SERVIZOS.	6
J.2. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS	6
J.3. TIPOLOXÍA DE OPERACIÓNS SUBVENCIONABLES	7
J.4. LIMITACIÓNS	7
J.4.1. LIMITACIÓNS SECTORIAIS	7
J.4.2. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA NOS EXPEDIENTES	8
J.4.3. LÍMITES PROXECTOS PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA	9
J.4.4. LÍMITES PROXECTOS NON-PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA:	9
J.5. CRITERIOS PARA A BAREMACIÓN DOS PROXECTOS	9
J.5.1. PROCEDEMENTO BAREMACIÓN SEGUNDO A SÚA PRIORIDADE	9
Proxectos de prioridade alta	9
Proxectos de prioridade media	11
Proxectos de prioridade baixa	11
J.5.2. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DE PROXECTOS PRODUTIVOS E BAREMO DE SELECCIÓN	11
REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DOS PROXECTOS PRODUTIVOS:	11



REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA PARA PROXECTOS PRODUTIVOS:	11
Establecese unha puntuación máxima de 100 puntos.	11
CRITERIOS UTILIZADOS NA BAREMACIÓN DOS PROXECTOS:	11
Proxectos produtivos incluídos os proxectos produtivos que renuncian ao bono activa rural	12
Proxectos produtivos acollidos ao Bono Activa Rural.	12
Baremación de proxecto produtivo acollido ao Bono Activa Rural.	12
Actividades excluídas:	13
J.5.3. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DE PROXECTOS NON-PRODUTIVOS E BAREMO DE SELECCIÓN	18
CRITERIOS UTILIZADOS NA BAREMACIÓN DOS PROXECTOS:	18
Límites de cálculo da porcentaxe de axuda	18
J.5.4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS	19
J.5.6. RELACIÓN ENTRE CRITERIOS DE BAREMACIÓN E OXECTIVOS PROPOSTOS E PLAN DE ACCIÓN DA EDLP	23
PROXECTOS PRODUTIVOS	23
PROXECTOS NON PRODUTIVOS.	28
J.6. PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLITOS DE INTERESE NOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE AVALIACIÓN E DECISIÓN DO GDR.	32
J.7. MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA, E PROCESOS DE TOMA DE DECISIÓN E PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.	33
ANEXOS	35
ANEXO I. PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO (2023-2032).	35
ANEXO II. DENSIDADE POBOACIÓN ANO 2021	36
ANEXO III. RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE POR CONCELLOS	37
ANEXO IV. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS	38
CONCELLOS INCLUÍDOS NUN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DE PESCA (GALP)	38
CONCELLOS LOCALIZADOS EN ZONA DE MONTAÑA OU DESFAVORECIDAS	39
CONCELLOS CON PARTE DO SEU TERRITORIO INCLUÍDO NUN ESPAZO NATURAL PROTEXIDO NO GDR-23	40
ESPAZOS NATURAIS DE INTERESE LOCAL (ENIL)	40



ÍNDICE DE TÁBOAS

No se encuentran elementos de tabla de ilustraciones.



J. REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DE PROXECTOS.

O GDR Mariñas-Betanzos seleccionará proxectos que sexan encadrables na súa estratexia, segundo os obxectivos formulados e descritos con anterioridade para a mesma, e sempre de acordo coa normativa aplicable.

O procedemento de selección dos proxectos será non discriminatorio e transparente, garantindo os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.

J.1. REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DE PROXECTOS.

J.1.1. REQUISITOS XERAIS.

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da Estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente, para os non produtivos.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior. Non obstante, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.
- Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

J.1.2. REQUISITOS ESPECÍFICOS.

- Serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de desenvolvemento local de cada GDR, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia, sempre e cando cumpran as condicións de subvencionabilidade que se especifiquen nas fichas de elixibilidade recollidas nas Bases reguladoras.

Coas particularidades que se indican nas fichas de elixibilidade das Bases reguladoras, os proxectos poderán clasificarse en Produtivos e Non-produtivos. Con carácter xeral terán a consideración de proxectos Produtivos os que supoñan a realización dunha actividade económica con fin lucrativo tendentes á produción de bens e/ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego. Pola contra, terán a consideración de proxectos Non produtivos os que teñan un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.



- b) Os proxectos Productivos como os Non-productivos deberán obter unha puntuación mínima de 35 puntos para poder ser subvencionables.
- c) Non serán subvencionables os proxectos localizados nas entidades singulares de poboación de máis de 6.000 habitantes (02100 Arteixo; 000100 Betanzos; 080100 Perillo; 060400 Sada).

J.1.3. REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA SERVIZOS E COMERCIO MINORISTA.

Con carácter xeral, a creación de novos servizos ou novo comercio minorista non será elixible si xa existe na mesma entidade singular de poboación onde se quixeran instalar, por considerar que contan xa con este servizo. Deberá acreditarse a non existencia dese servizo achegando certificado ou informe expedido polo Concello de que non existe na entidade singular onde se vai situar. Deste xeito procurase potenciar a creación dos servizos nas entidades singulares onde non existan.

A creación de novos servizos ou novo comercio minorista, si será subvencionable na mesma entidade singular cando inclúan o compromiso de creación de 1 UTAs como mínimo. Exceptúase o cumprimento deste requisito cando a iniciativa estea ligada a un proxecto para a posta en valor de terra agraria no ámbito das aldeas modelo, sendo sempre elixibles aínda que xa existan servizos de comercio minorista na aldea.

Serán elixibles as ampliacións e melloras destes servizos e comercio polo miúdo xa existentes, para que consoliden ás súas actividades e melloren as súas infraestruturas de cara a mellorar o servizo.

Tamén serán elixibles os investimentos para dotar de novos puntos de recarga para vehículos eléctricos.

J.1.4. REQUISITOS ESPECÍFICOS NO SECTOR DE PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA.

Proxectos productivos

- a) Serán subvencionables pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 € de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou a implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto. Estes proxectos deberán cumprir os requisitos de elixibilidade definidas por Agader.
- b) Serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, polígonos agroforestais, permutas de especial interese agrario ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria
- c) Serán subvencionables pequenos proxectos ata 40.000.-€ de investimento total elixible sempre que non sexan susceptibles de ser subvencionados pola Consellería do Medio Rural a través doutras intervencións de desenvolvemento rural incluídas no Plan Estratégico Nacional.



- d) Serán subvencionables actuacións de mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias, en liña co obxectivo xeral de mellora da sustentabilidade ambiental da produción agraria, ata un máximo de 10.000.-€ de axuda.

J.1.5. REQUISITOS ESPECÍFICOS CREACIÓN SERVIZOS.

Os proxectos de investimento para a mellora e creación de servizos de transporte, mobilidade, accesibilidade e transporte de persoas con discapacidade, só serán elixibles si son desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro ou concellos, con prioridade para os servizos que fomenten iniciativas de mobilidade sostible (vehículos propulsados sen combustibles fósiles, vehículos híbridos ou vehículo compartido; puntos de recarga de vehículos eléctricos)

As iniciativas e actividades de custodia do territorio deberán ser promovidas por unha entidade de Custodia do Territorio, sendo promovidas en espazos naturais protexidos ou zonas adxacentes, áreas de valor ambiental ou ENILs.

A **creación de novos centros de interpretación no territorio**, estará vinculada tematicamente a Espazos Naturais Protexidos do territorio.

J.2. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarios das axudas persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, entidades públicas de carácter local ou comarcal (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores), comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- b. Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.
- c. Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) n° 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:
 1. Empregar menos de 50 persoas.
 2. Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

Para a definición de empresa, así como para o cálculo dos efectivos e importes financeiros desta, tomarase en consideración o disposto no anexo I do Regulamento (UE) n° 651/2014.

De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado anexo I do Regulamento (UE) n° 651/2014.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para as entidades beneficiarias das axudas a proxectos non produtivos.



J.3. TIPOLOXÍA DE OPERACIÓNS SUBVENCIONABLES

Os proxectos que o GDR poderá subvencionar clasificaranse como:

- Proxectos produtivos: proxectos que supoñan a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñan a creación e/ou mantemento de emprego.
- Proxectos non produtivos: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.
- No suposto de que o proxecto, que deberá ser igualmente de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

J.4. LIMITACIÓNS

J.4.1. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Tendo en conta as Bases reguladoras, existirán as seguintes Limitacións sectoriais:

Agader poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade e a Asociación Mariñas-Betanzos cumprirá os acordos adoptados nestes convenios

Considerando o sinalado anteriormente establécense as limitacións sectoriais seguintes:

- a) Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- b) Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos. Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos no artigo 44.f) da Resolución do 27 de abril de 2023 de Agader (DOG. N°89 do 10 de maio de 2023).
- c) Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría, rexerá o convenio de colaboración asinado entre Agader e a Axencia Turismo de Galicia.
- d) Para os investimentos no sector das enerxías renovables: queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables para venda á rede.



- e) No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarias, lavandarias, clínicas, tanatorios, asesorías, perrucarias, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos): será de aplicación o que se recolle neste Plan de Xestión.
- f) No ámbito dos investimentos no sector do comercio polo miúdo será de aplicación o que se recolle neste Plan de Xestión.
- g) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento do programa Leader.
- h) Para a realización de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento, tense identificadas, de forma expresa por parroquias, as necesidades de creación de novos locais sociais, de reforma ou de ampliación de locais sociais xa existentes. O GDR Mariñas-Betanzos ten identificado as seguintes parroquias onde poderán desenvolverse os anteriores investimentos: Limiñón, Montouto e Sarandóns (Abegondo); Cambás (Aranga); Guísamo e Moruxo (Bergondo); Piadela, Pontellas; Requián; San Pedro das Viñas e Tiobre (Betanzos); Brives, Cecebre, Cambre, Pravio, Vigo e Sigrás (Cambre); Paleo (Carral); Castelo, Celas, Sésamo, Sueiro, Veiga (Culleredo); Verís (Irixoa).

A rehabilitación ou acondicionamento dun centro social nunha edificación tradicional con valor patrimonial será sempre elixible, sen ter en conta o territorio onde estea situado. A contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000 € por proxecto.
- i) Os investimentos relacionados con instalación ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do Programa Leader.
- j) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000 € por proxecto.

J.4.2. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA NOS EXPEDIENTES

A Asociación Mariñas-Betanzos estableceu os seguintes límites de axuda, requisitos de subvencionalidade e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública, así como o procedemento de priorización de proxectos da medida Leader e os Criterios para a baremación de expedientes, segundo se recolle máis adiante.

A Asociación Mariñas-Betanzos optou por reducir o **importe máximo de axudas nos proxectos Productivos e Non-productivos a 75.000 euros**. A intención desta limitación é que xurdan moitos pequenos proxectos que encaixen na estratexia e poidan estar conectados entre si.

Se fixa un límite mínimo de 35 puntos sobre os 100 puntos máximos para que o proxecto poida ser elixible. Esta puntuación mínima non asegura que o expediente reciba axuda, posto que estará sometida a dispoñibilidade de fondos despois dun proceso de concorrência competitiva que ordenará os expedientes a apoiar (que contén con Informe Favorable de Elixibilidade), de maior a menor puntuación.



J.4.3. LÍMITES PROXECTOS PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA

- Límite de axuda máxima 75.000.-€
- Porcentaxe de axuda máxima: 50 %
- Porcentaxe de axuda mínima: 31 %
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos
- Puntuación máxima: ata 100 puntos
- Procedemento baremación: por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos a porcentaxe de axuda increméntase nun 0,5%. Con 73 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda do 50%.

J.4.4. LÍMITES PROXECTOS NON-PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA:

- Límite de axuda máxima para proxectos Non-productivos: 75.000.-€
- Porcentaxe de axuda máxima:
 - Proxectos Non produtivos de prioridade Alta: 90%
 - Proxectos Non produtivos de prioridade Media: 70%
 - Proxectos Non produtivos de prioridade Baixa: 50%
- Porcentaxe de axuda mínima: 35 %
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos.
- Puntuación máxima: 100 puntos
- Procedemento baremación: por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%.

J.5. CRITERIOS PARA A BAREMACIÓN DOS PROXECTOS

J.5.1. PROCEDEMENTO BAREMACIÓN SEGUNDO A SÚA PRIORIDADE

Proxectos de prioridade alta

Por cada punto desde **35** a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%.

Con **79 puntos** acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade alta.

Terán a consideración de proxectos de prioridade alta os seguintes:

1. Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, persoas con discapacidade, o coidado das persoas maiores, a promoción dun



envellecemento activo e saudable destas (Asociacións sen ánimo de lucro cuxo obxecto social principal da entidade sexa a realización destes servizos).

2. Mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) (telecentros, aulas informática, plataformas dixitais de servizos á poboación, uso da “internet das cousas” e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas)
3. Proxectos encaixables no Plan de Xestión 2023-2032 da Reserva da Biosfera MCeTM (ver Anexo I):
 - a. Accións dirixidas á Conservación da Reserva de Biosfera.
 - b. Actuacións de apoio ao Desenvolvemento socio-económico da Reserva de Biosfera.
 - c. Actuacións relacionadas co Apoio loxístico da Reserva de Biosfera (investigación, educación para o desenvolvemento sostible).
4. Actuacións de recuperación e mellora paisaxística e de fomento da biodiversidade; actuacións para a recuperación dos ecosistemas degradados e destruídos, así como actuacións dirixidas á loita e eliminación de especies exóticas invasoras e mellora da conectividade de hábitats e especies; actuacións dirixidas á eliminación da contaminación procedente do emprego de fertilizantes.
5. Proxectos enmarcados na Infraestrutura Verde da Área de Coruña (mellora de corredores ecolóxicos en cursos fluviais, prácticas agroecolóxicas en zonas agrícolas, ecoaldeas, melloras na xestión da auga, creación de bosques en ámbitos degradados, planificación de zonas de inundación, espazos verdes urbanos eficientes no uso de recursos e con función ecolóxicas).
6. Investimentos en proxectos ligados a aldeas intelixentes, así como a proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia: mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular, mellora servizos básicos con novas solucións innovadoras, loita contra incendios forestais.
7. Actuacións dirixidas a promover un modelo alimentario máis sostible: promover un consumo de alimentos e unhas dietas máis sostibles, reducir a perda e o desperdicio de alimentos; promover os circuitos curtos de comercialización e a colaboración entre distintos axentes.
8. Actuacións dirixidas á consolidación do territorio como destino Ecoturístico: desenvolvemento de actividades para a mellora da calidade turística: accións de fomento do Ecoturismo, mellora nos roteiros existentes e adaptación para a posta en valor dos recursos culturais, naturais e gastronómicos.
9. Proxectos e investimentos para a mellora do coñecemento do territorio e a planificación e xestión de espazos de interese ambiental e cultural. Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos e os proxectos de sinalización turística deberá cumprir o convenio de colaboración que se asine entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia.
10. Proxectos de inventariación, caracterización e mellora dos servizos ecosistémicos, especialmente humidaís.



Proxectos de prioridade media

Por cada punto a partir de 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%.

Con 63 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade media.

Consideraranse proxectos de prioridade media os seguintes:

- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística
- Proxectos de mellora de centros sociais.
- Actuacións enmarcadas nos Pactos das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible municipais (PACEs).
- Mellora e tematización dos Centros de interpretación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ou novos equipamentos vinculados a novos espazos protexidos ou ENILs.

Proxectos de prioridade baixa

Por cada punto desde **35 puntos**, a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25 %.

Con **47 puntos** acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade baixa. Consideraranse proxectos de prioridade baixa os que non estean incluídos como de “prioridade alta ou media”.

J.5.2. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DE PROXECTOS PRODUCTIVOS E BAREMO DE SELECCIÓN

REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DOS PROXECTOS PRODUCTIVOS:

- Viabilidade: ser viables técnica, económica e financeiramente.
- Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local.
- Cumprir a normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica).
- Ser finalistas na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables (non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa unha actividade finalista).

REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA PARA PROXECTOS PRODUCTIVOS:

Establecese unha puntuación máxima de **100 puntos**.

CRITERIOS UTILIZADOS NA BAREMACIÓN DOS PROXECTOS:

1. Ubicación xeográfica (máximo 30 puntos):
 - 1.1. Renda Dispoñible Bruta por habitante. Ano 2019. Fonte IGE. Ver anexo III e Enlace Web:
<https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9642&R=np&C=np&F=&S=1:0&SCF=#>
 - 1.2. Densidade de poboación do ano 2021. Fonte IGE. Ver anexo II.
 - 1.3. Taxa de paro do ano 2022. Diario económico Expansión. Fonte INE. Enlace Web.



<https://datosmacro.expansion.com/paro/espana/municipios/galicia/a-coruna/oza-cesuras>

1.4. Localización do proxecto. Fonte Nomenclator Galicia ano 2022. Enlace Web.

<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?paxina=003003002&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp>

1.5. Outros criterios xeográficos: Localización do proxecto en Concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da pesca); localización en zonas de montaña e desfavorecidas; localización en espazo natural protexido cunha figura de protección.

En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase o concello coa puntuación máis elevada.

2. Características da entidade promotora (máximo 6 puntos).
3. Incidencia directa do proxecto sobre o emprego (máximo 24 puntos).
4. Impacto sobre o territorio: económico, social e medioambiental (máximo 25 puntos).
 - 4.1. Capacidade de arrastre do proxecto.
 - 4.2. Incidencia medioambiental e contribución ao desenvolvemento sostible.
5. Valor engadido sobre o territorio e a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (máximo 15 puntos).

Regras xerais sobre a elixibilidade de expedientes Productivos:

Proxectos produtivos incluídos os proxectos produtivos que renuncian ao bono activa rural

- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos.
- Porcentaxe de axuda mínima: 31 %
- Con 73 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima: 50%
- Por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos, a % de axuda increméntase nun 0,5 %. Importe máximo de axuda por expediente: 75.000 euros

Proxectos produtivos acollidos ao Bono Activa Rural.

Creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais, persoas físicas que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos (a persoa promotora non pode estar dada de alta no réxime de autónomos na mesma actividade obxecto de subvención, nos últimos tres anos). A persoa promotora deberá achegar un Plan de Empresa que amose a viabilidade económica, e técnica da empresa durante 5 anos.

A persoa promotora que cumpra os requisitos anteriores podería acollerse ao Bono Activa Rural ou renunciar a este, polo que en caso de renuncia sería baremado como calquera outro proxecto produtivo que non cumpra estes requisitos.

Baremación de proxecto produtivo acollido ao Bono Activa Rural.

Os criterios de puntuación destes proxectos serán os mesmos que os dos proxectos produtivos xerais nos apartados 1. Situación xeográfica. 2. Características do promotor. 3. Incidencia directa do proxecto sobre o emprego. 4. Impacto sobre o territorio : económico, social e medio ambiental. 5. Valor engadido sobre o territorio e a Reserva de Biosfera. Estase a avaliar a situación



do proxecto, as características do promotor, a incidencia sobre o emprego, o impacto sobre o territorio e o valor engadido do proxecto no territorio como ao resto dos proxectos

Puntuación que deberían obter os proxectos produtivos acollidos ao bono activa rural

Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 31%. Importe a cobrar: 10.000.-€ Por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos o importe de axuda subiría 1.000.-€. Con 43 puntos obtería o importe máximo de axuda: 18.000. - €.

Actividades excluídas:

A Asociación Mariñas-Betanzos ten definido varias actividades que quedarían excluídas das axudas Leader, e que non serán elixibles nos proxectos Produtivos, debido ao impacto no ambiente e na paisaxe do territorio. Estas actividades excluídas serán segundo CNAE 2015 as seguintes:

B.- INDUSTRIAS EXTRACTIVAS

B05.- EXTRACCIÓN DE ANTRACITA, HULLA E LIGNITO

B06.- EXTRACCIÓN DE CRUDO DE PETRÓLEO E GAS NATURAL B07.- EXTRACCIÓN DE MINERAIS METÁLICOS

B09.- ACTIVIDADES DE APOIO ÁS INDUSTRIAS EXTRACTIVAS

D.- SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E ARACONDICIONADO D3512; D3513; D3514; D3515; D3516; D3517; D352

G-4726 Comercio polo miúdo de produtos de tabaco en establecementos especializados.

Quedan tamén excluídas as gasoleiras (excepto as promovidas por cooperativas agrarias para os seus asociados). **No eido do turismo, quedarán excluídos da súa elixibilidade unicamente os pisos ou vivendas de uso turístico.**

Os criterios para baremar os proxectos produtivos se recollen na táboa seguinte:



Baremo selección de proxectos produtivos

BAREMOS SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS	PUNTUACIÓN	
1. UBICACIÓN XEOGRÁFICA (En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase a do concello máis favorable):	Máximo 30 Puntos	30%
1.1. Renda Dispoñible Bruta por habitante. (Año 2019). Fonte IGE.	Máximo 10 puntos	
1.1.1. Concellos Renda Dispoñible < 15.000.-€. (Aranga, Arteixo, Curtis, Coirós, Irixoa e Oza-Cesuras)	10	
1.1.2. Concellos Renda Dispoñible entre 15.000.-€ e 17.000.-€, incluídos (Abegondo, Betanzos Carral, Paderne)	8	
1.1.3. Concellos Renda Dispoñible superior 17.000.-€ e ≤ 20.000.-€ (Bergondo, Culleredo e Sada)	6	
1.1.4. Concellos Renda Dispoñible > 20.000.-€ (Cambre, Oleiros)	5	
1.2. Densidade de poboación (ano 2021). Fonte IGE.	Máx. 8 ptos	
1.2.1. Concellos densidade poboación 2021 menor a 100 habitantes/km2 (Abegondo, Aranga, Coirós, Curtis, Oza-Cesuras, Irixoa, Paderne)	8	
1.2.2. Concellos densidade poboación 2021 entre 100 e 400 habitantes/km2 (Arteixo, Carral, Bergondo)	6	
1.2.3. Concellos densidade poboación 2021 maior a 400 habitantes/km2 (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	4	
1.3. Taxa de paro (ano 2022). (fonte: www.datosmacro.com . Diario económico Expansión- Fonte INE)	Máximo 3 puntos	
1.3.1. Concellos cunha taxa de paro rexistrado menor do 10% (Abegondo, Aranga, Carral, Coirós, Curtis, Oleiros, Paderne, Oza-Cesuras)	1	
1.3.2. Concellos cunha taxa de paro rexistrado maior e igual 10% e menor e igual do 11% (Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e Irixoa)	2	
1.3.3. Concellos cunha taxa de paro rexistrado maior do 11% (Sada, Arteixo)	3	
1.4. Localización do proxecto (Fonte Nomenclator Galicia, ano 2022). Entidades singulares excluídas: Arteixo, Sada, Betanzos, Perillo.	Máximo 6 puntos	
1.4.1. Entidade singular cunha poboación ≤ 1000 persoas (Todas excepto as sinaladas nos apartados 1.4.2; 1.4.3)	6	
1.4.2. Entidade singular cunha poboación entre 1.001 e 2.500 persoas (Arteixo: Oseiro; Curtis: Teixeira, A Estación; Oleiros: Arillo, Coruxo de Arriba, Montrove e Pazos; Culleredo: Conduzo, Cordeda, A Corveira, Fonteculler, O Portádego, Orro e A Laxe; Cambre: Brexo-Lema)	5	
1.4.3. Entidade singular cunha poboación maior de 2.500 persoas (Arteixo: Vilarrodís, Meicende e Pastoriza; Cambre: Cambre, A Barcala, O Graxal, O Temple; Oleiros: O Porto de Santa Cruz; Culleredo: Acea de Ama, O Burgo, Vilaboa; Carral: Carral)	3	



1.5. Outros criterios xeográficos	Máximo 3	
1.5.1. Proxecto localizado en concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da Pesca) (agás Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Oza-Cesuras, Curtis)	1	
1.5.2. Proxecto localizado en zonas de montaña ou desfavorecidas (Aranga, Coirós, Curtis, Irixoa)	1	
1.5.3. Proxecto localizado nun concello que no momento da solicitude de axuda, conte con parte do seu territorio incluído nun espazo natural protexido e/ou Espazo Natural de Interese Local no ano 2023 (todos agás Culleredo, Curtis e Sada)	1	
2. CARACTERISTICAS DO PROMOTOR / PROMOTORA	Máximo 6 puntos	6%
2.1. Proxecto promovido por unha persoa moza menor de 41 anos ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas mozas menores de 41 anos. Documentación acreditativa: Persoa física: DNI. Persoa xurídica: DNI socios, escritura notarial ou Imposto Sociedades do ano anterior.	2	
2.2. Proxecto promovido por unha muller ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan mulleres. Documentación acreditativa: Persoa física: DNI. Persoa xurídica: DNI socios, escritura notarial ou Imposto Sociedades do ano anterior.	2	
2.3. Proxecto promovido por persoas con discapacidade ou por unha entidade onde polo menos o 50% dos socios sexan persoas con discapacidade (mínimo do 33% recoñecido por organismo oficial): Documentación acreditativa: tarxeta acreditativa ou certificado de discapacidade oficial. Persoa xurídica: tarxeta acreditativa. Certificado de discapacidade, DNI dos socios, escritura notarial ou Imposto Sociedades do ano anterior.	2	
2.4. Proxecto promovido por un inmigrante ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan inmigrantes. Documentación acreditativa: Persoa física: tarxeta de identidade de estranxeiría Persoa xurídica: tarxeta de identidade de estranxeiría dos socios, escritura notarial ou Imposto Sociedades do ano anterior.	2	
2.5. Proxecto promovido por unha persoa desempregada ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas desempregadas (inscrita nos servizos de emprego oficiais). Documentación acreditativa: Persoa física: certificado ou tarxeta de desemprego. Persoa xurídica: certificado ou tarxeta de desemprego dos socios, escritura notarial ou imposto sobre sociedades do ano anterior.	2	
2.6. Proxecto promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde polo menos o 50% das persoas socias sexan maiores de 55 anos Documentación acreditativa: Persoa física: DNI. Persoa xurídica: DNI dos socios, escritura notarial ou imposto sobre sociedades do ano anterior	2	
2.7. Proxecto promovido por unha persoa integrada nalgún programa de inserción ou reinserción social ou por entidades onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas integradas nalgún programa de inserción ou reinserción social. Documentación acreditativa: informe de Servizos Sociais municipais.	2	



3. INCIDENCIA DIRECTA DO PROXECTO SOBRE O EMPREGO:	Máximo 24 puntos	24%
3.1. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos (a puntuación máxima acadarase con 4 empregos (UTAS)).	20	
3.2. Por cada fracción de 0,25 empregos creados en colectivos desfavorecidos outorgase unha puntuación de 1,5 puntos (mulleres, mozos menores de 41 anos*, persoas con discapacidade, persoa inmigrantes, maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no Servizo Público de Emprego). A puntuación máxima acadarase con 2,5 UTAS. *Se a creación de emprego será nunha persoa inscrita no programa de Garantía Xuvenil, outorgarase unha puntuación de 2 pto cada fracción de 0,25 empregos creados.	15	
4. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO: ECONÓMICO, SOCIAL E MEDIOAMBIENTAL	Máximo 25 puntos	25%
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto		
4.1.1. Se o proxecto consiste na creación dunha nova actividade económica non existente na entidade singular (acreditaríase coa achega de certificado ou informe do Concello de que non existe en dita entidade singular)	20	
4.1.2. Se o proxecto consiste na modernización ou ampliación dunha actividade económica	15	
4.1.3. Se o proxecto é de transformación produtos agrarios. Se o proxecto é de comercialización de produtos agrarios (froiterías, panaderías ou tendas onde se comercialicen produtos agrarios-CNAE 47.2 “Comercios ao por menor de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados”) e se a persoa promotora adquire o compromiso de comercializar produtos que posúan a marca Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo” (mínimo 5 referencias) (verificable con facturas de compra no momento da solicitude de pago final). Se o proxecto é de transformación de produtos forestais. Se o proxecto é de comercialización de produtos forestais.	22	
4.1.4 A. Proxectos de investimento en explotacións agrarias que sexa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar, (plantacións excluídas: eucalipto ou especies de crecemento rápido (paulonias, pseudotsugas, piñeiros...)). 4.1.4. B. Proxectos para a creación e mellora de pequenas explotacións agrarias vinculadas á mobilización e recuperación de terras agrarias.	22	
4.1.5. O proxecto suporá a implantación dunha nova actividade económica non existente no Concello (segundo IAE, e informe emitido polo Concello).	10	
4.1.6. Proxectos de comercialización de produtos artesanais (que contén coa Carta de Artesán ou co selo de Artesanía alimentaria de Galicia).	15	
4.1.7. Proxectos de creación, mellora ou ampliación de aloxamentos ou servizos turísticos.	15	
4.2. Incidencia medioambiental e contribución ao desenvolvemento sostible.		



4.2.1: Proxectos de investimento que contribúan á loita fronte ao cambio climático, nos que empreguen enerxías renovables e/ou técnicas eficientes baixo consumo enerxético(*1); e/ou que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga(*2); e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos(*2). O aforro enerxético, o aforro de auga ou a mellora na xestión de residuos deberá acreditarse mediante informe dun técnico competente que cuantifique estes impactos. *1 Sempre que no sexa un requisito obrigatorio ou legal dispoñer deles. Ademais o investimento en enerxías renovables ou eficiencia enerxética deberá ser como mínimo do 5% do investimento elixible. *2 O investimento deberá supoñer un mínimo do 1% do investimento elixible.	10	
4.2.2: Proxecto que utilizará nos investimentos a bioconstrución ou estruturas de madeira (que supoña o uso de madeira un mínimo do 5% do investimento elixible en obra civil (xustificación coa achega de informe técnico profesional competente.	10	
5. VALOR ENGADIDO SOBRE O TERRITORIO E A RESERVA DE BIOSFERA	Máximo 15 puntos	15%
5.1. Investimentos en proxectos de produción agrícola, gandeira e agroforestal, que empreguen exclusivamente variedades locais ou razas autóctonas, ou se inscriban como agricultura ecolóxica ou en reconversión no CRAEGA (Consello Reg. Agricultura Ecolóxica de Galicia). 5.2. Investimentos para a diversificación de actividades non agrarias en explotacións agrarias. 5.3. Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios, que utilicen variedades locais ou razas autóctonas, ou sexan produción inscrita no CRAEGA. 5.4. Proxectos dirixidos a promover a comercialización das producións agroalimentarias nas canles curtas (eco-comedores escolares, restaurantes, aloxamentos, comercio local, etc.). 5.5. Proxectos dirixidos a reducir a perda e desperdicio de alimentos; proxectos que teñan como obxectivo promover o consumo de alimentos e dietas saudables; proxectos que teñan como obxectivo mellorar a comercialización dos produtos agroalimentarios amparados pola Marca da Reserva de Biosfera). 5.6. Proxectos vinculados á mobilización ou recuperación de terras agrarias regulados na normativa vixente. 5.7. Investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de Plans Estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por Agader. Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación de espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular. 5.8. Proxecto dirixido a favorecer á conciliación da vida familiar e laboral (casas-niño, garderías, ludotecas, etc.), así como servizos para á atención as persoas maiores e con dependencia.	15	
5.9. Proxecto promovido por unha entidade de "Economía Social" (cooperativa, mutualidade, fundación, asociación, sociedade laboral, empresa de inserción, centro especial de emprego, confraría ou, sociedade agraria de transformación).	10	
TOTAL	100	100%



J.5.3. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DE PROXECTOS NON-PRODUTIVOS E BAREMO DE SELECCIÓN

CRITERIOS UTILIZADOS NA BAREMACIÓN DOS PROXECTOS:

Establécense uns criterios de baremación de proxectos, ata unha puntuación máxima de 100 puntos. Estes criterios agrúpanse nos seguintes epígrafes:

1. Ubicación xeográfica (máximo 40 puntos):
 - 1.1. Renda Dispoñible Bruta por habitante. Ano 2019. Fonte IGE. Ver anexo III e Enlace Web:
<https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=9642&R=np&C=np&F=&S=1:0&SCF=#>
 - 1.2. Densidade de poboación do ano 2021. Fonte IGE. Ver anexo II.
 - 1.3. Taxa de paro do ano 2022. Diario económico Expansión. Fonte INE. Enlace Web.
<https://datosmacro.expansion.com/paro/espana/municipios/galicia/a-coruna/oza-cesuras>
 - 1.4. Localización do proxecto. Fonte Nomenclátor Galicia ano 2022. Enlace Web.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?paxina=003003002&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp>
 - 1.5. Outros criterios xeográficos: Localización do proxecto en Concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da pesca); localización en zonas de montaña e desfavorecidas; localización en espazo natural protexido cunha figura de protección.

En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase o concello coa puntuación máis elevada.
2. Características da entidade promotora (máximo 7 puntos).
3. Capacidade de arrastre do proxecto (máximo 20 puntos).
4. Incidencia ambiental do proxecto (máximo 20 puntos).
5. Contribución ao desenvolvemento sostible do proxecto (máximo 13 puntos).

Límites de cálculo da porcentaxe de axuda

- Límite de axuda máxima para os proxectos non produtivos: 75.000.-€
- Porcentaxe de axuda máxima:
 - Proxectos Non produtivos de prioridade **ALTA**: 90%
 - Proxectos Non produtivos de prioridade **MEDIA**: 70%
 - Proxectos Non produtivos de prioridade **BAIXA**: 50%
- Porcentaxe de axuda mínima: 35%
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos.
- Puntuación máxima: 100 puntos



- Procedemento baremación:
 - a) Proxectos de prioridade alta: Por cada punto desde os 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%. Con 79 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade alta.
 - b) Proxectos de prioridade media: Por cada punto a partir de 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%. Con 63 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade media.
 - c) Proxectos de prioridade baixa: Por cada punto desde 35 puntos, a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,25%. Con 47 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade baixa.

J.5.4. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

Cumprirase co procedemento de selección que propoña Agader nas súas bases.

En caso de empate a puntos nos proxectos de carácter Produtivo e Non-productivo, primaranse os proxectos tendo en conta os seguintes criterios e a seguinte orde establecida:

1. Puntuación na creación de emprego. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos no Punto 3.
2. Puntuación na ubicación xeográfica. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos e nos proxectos Non-productivos no Punto 1.
3. Proxectos programados recollidos na estratexia. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos no Punto 5, e nos proxectos Non-productivos no Punto 3.2.
4. En caso de continuar o empate, a prioridade fixarase segundo o rexistro de entrada da solicitude de axuda, priorizando os máis antigos.

A relación de expedientes propostos pola Xunta Directiva do GDR incluírá a distribución da axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos.

As propostas de resolución de concesión da axuda emitidas pola Xunta Directiva do GDR, nas cales se inclúa unha relación de proxectos para os cales se propón axuda, incluírán, no caso de que existan, unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade) formada por proxectos que contén co ICE verificado por Agader e para os cales non exista crédito dispoñible na anualidade.

No procedemento de selección de proxectos a aplicar asegúrase a libre concorrencia dos interesados, mediante convocatoria pública, ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria anual.



Baremo proxectos non produtivos.

CRITERIOS PARA PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON-PRODUTIVOS		PUNTUACIÓN	
Máximo 40			
1. UBICACIÓN XEOGRÁFICA: 40 Puntos			40%
1.1. Renda Dispoñible Bruta por habitante (Año 2019). Fonte IGE.	Máximo 7 puntos		
1.1.1. Concellos Renda Dispoñible < 15.000.-€. (Aranga, Arteixo, Curtis, Coirós, Irixoa e Oza-Cesuras)	7		
1.1.2. Concellos Renda Dispoñible entre 15.000.-€. e 17.000.-€, incluídos (Abegondo, Betanzos Carral, Paderne)	6		
1.1.3. Concellos Renda Dispoñible superior 17.000.-€ e ≤ 20.000.-€ (Bergondo, Culleredo e Sada)	5		
1.1.4. Concellos Renda Dispoñible > 20.000.-€ (Cambre, Oleiros)	4		
1.2. Densidade de poboación (ano 2021). Fonte IGE.	Máximo 10 puntos		
1.2.1. Concellos densidade poboación 2021 menor a 100 habitantes/km2 (Abegondo, Aranga, Coirós, Curtis, Oza-Cesuras, Irixoa, Paderne)	10		
1.2.2. Concellos densidade poboación 2021 entre 100 habitantes/km2 e 400 habitantes/km2 (Arteixo, Carral, Bergondo)	7		
1.2.3. Concellos densidade poboación 2021 maior a 400 habitantes/km2 (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	5		
1.3. Taxa de paro (ano 2022) (fonte: www.datosmacro.com. Diario económico Expansión-Fonte INE)	Máximo 10 puntos		
1.3.1. Concellos cunha taxa de paro rexistrado menor do 10% (Abegondo, Aranga, Carral, Coirós, Curtis, Oleiros, Paderne, Oza-Cesuras)	6		
1.3.2. Concellos cunha taxa de paro rexistrado maior e igual 10% e menor e igual do 11% (Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e Irixoa)	8		
1.3.3. Concellos cunha taxa de paro rexistrado maior do 11% (Sada, Arteixo)	10		
1.4. Localización do proxecto (Fonte Nomenclátor Galicia ano 2022). Entidades singulares excluídas: Arteixo, Sada, Betanzos, Perillo.	Máximo 10 puntos		
1.4.1: Entidade singular cunha poboación menor e igual de 1000 persoas (Todas excepto as sinaladas nos apartados 1.4.2; 1.4.3).	10		
1.4.2: Entidade singular cunha poboación entre 1.001 e 2.500 persoas (Arteixo: Oseiro; Curtis: Teixeira, A Estación; Oleiros: Arillo, Coruxo de Arriba, Montrove e Pazos; Culleredo: Conduzo, Cordeda, A Corveira, Fonteculler, O Portádegro, Orro e A Laxe; Cambre: Brexo-Lema)	8		
1.4.3: Entidade singular cunha poboación maior de 2.500 persoas (Arteixo: Vilarrodís, Meicende e Pastoriza; Cambre: Cambre, A Barcala, O Graxal, O Temple; Oleiros: O Porto de Santa Cruz; Culleredo: Acea de Ama, O Burgo, Vilaboa; Carral: Carral)	6		
1.5. Outros criterios xeográficos	Máximo 3 puntos		
1.5.1: Proxecto localizado en concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da Pesca) (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Oza-Cesuras, Curtis).	1		
1.5.2: Proxecto localizado en zonas de montaña ou desfavorecidas (Aranga, Coirós, Curtis Irixoa)	1		
1.5.3: Proxecto localizado nun concello que no momento da solicitude de axuda, conte con parte do seu territorio incluído nun espazo natural protexido e/ou Espazo Natural de Interese Local (ENIL). (todos agás Culleredo, Curtis e Sada)	1		
2. CARACTERISTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA	Máximo 7 puntos		7%



2.1: Proxecto promovido por un Concello.	6	
2.2: Proxecto promovido por entes supramunicipais ou por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.	7	
2.3: Proxecto promovido por unha entidade sen ánimo de Lucro que teña entre os seus obxectivos sociais mellorar as condicións de colectivos desfavorecidos (mulleres, mocidade menor de 41 anos, persoas con discapacidade, persoas inmigrantes, persoa integrada nalgún programa de inserción o reinserción social, persoas maiores de 55 anos en busca de emprego)	7	
3. CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	Máximo 20 puntos	20%
3.1. O proxecto consiste na creación, mellora ou ampliación de servizos que fomenten a inclusión social (servizos de igualdade e benestar á poboación, servizos de integración de comunidades marxinais e de persoas inmigrantes, persoas con discapacidade, servizos de coidado das persoas maiores e da infancia, promoción dun envellecemento activo e saudable).	15	
3.2: Se o proxecto vai dirixido a: 3.2.1.- Investimentos en servizos e centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento. 3.2.2.- Investimentos dirixidos ao colectivo de persoas con discapacidade para: favorecer a incorporación ao mercado laboral; a creación ou mellora de servizos de mobilidade; uso das TIC. 3.2.3.- Investimentos de mellora e accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) (telecentros, aulas informática, plataformas dixitais de servizos á poboación, uso da "internet das cousas" e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas). 3.2.4.- Proxectos dirixidos a promover a Responsabilidade Social Empresarial entre as empresas e entidades do territorio, así como a promover as redes empresariais. 3.3. O proxecto consiste na implantación de viveiros de empresas, espazos de traballo compartido ou accións de promoción do emprego e o emprendemento.	20	
3.4.-Proxecto promovido por entidades de "Economía Social" (asociacións, fundacións e confrarías).	10	
4.INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO	Máximo 20 puntos	20%
4.1: Se o proxecto vai dirixido a: 4.1.1.- Promover novos aproveitamentos do monte (entendidos como aqueles que non sexan aproveitamento de madeira). 4.1.2.- Fomentar e animar a produción ecolóxica e o apoio á reconversión a dita produción. 4.1.3.- Proxectos de mellora ambiental en espazos protexidos, así como nos Espazos Naturais de Interese Local (xustificarase esta mediante informe asinado por técnico competente, explicando afeccións e efectos sobre o medio ambiente) : creación de microrreservas e pequenas zonas húmidas para a protección da biodiversidade; diminución do impacto visual e naturalización de infraestruturas rurais; recuperación de hábitats; erradicación e loita fronte a especies invasoras; custodia do territorio en espazos de interese ambiental; identificación, protección e mellora de áreas de valor natural e árbores de interese, así como proxectos que contribúan a potenciar a mellora da conectividade de hábitats e especies; recuperación e mellora da paisaxe; mellora dos recursos hídricos; prevención fronte a incendios forestais). 4.1.4.- Proxectos enmarcados nos Pactos das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible (PACEs) municipais; actuacións encadradas na Estrategia de Infraestrutura Verde da Área de Coruña (corredores ecolóxicos en cursos fluviais, prácticas agroecolóxicas en zonas agrícolas, ecoaldeas; melloras na xestión da auga; creación de bosques en ámbitos degradados; planificación de zonas de inundación; espazos verdes urbanos eficientes no uso de recursos e con función ecolóxica); proxectos para a recuperación e restauración dos ecosistemas degradados e destruídos, así como actuacións dirixidas a mellorar a xestión de puríns.	20	



4.1.5.- Mellora e tematización dos Centros de Interpretación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ou novos equipamentos vinculados a novos espazos protexidos ou ENILs 4.1.6.- Investimentos para a caracterización e/ou mellora dos servizos que nos prestan os ecosistemas 4.1.7.- Proxecto que contribúe á loita fronte ao cambio climático ou empregue enerxías renovables e/ou técnicas eficientes baixo consumo enérxetico(*1); e/ou que conteña implementación de sistemas de aforro de auga(*2); e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos(*2). O aforro enerxético, o aforro de auga ou a mellora na xestión de residuos deberá acreditarse mediante informe dun técnico competente que cuantifique estes impactos. (*1) Sempre que no sexa un requisito obrigatorio ou legal dispoñer deles. Ademais o investimento en enerxías renovables ou eficiencia enerxética deberá ser como mínimo do 5% do investimento elixible. (*2) O investimento deberá supoñer un mínimo do 1% do investimento elixible.		
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO PROXECTO	Máximo 13 puntos	13%
5.1: Se o proxecto vai dirixido a: 5.1.1.- Recuperación, inventario, mellora e posta en valor de recursos culturais, etnográficos e históricos do territorio, incluíndo a creación e sinalización de rutas temáticas. 5.1.2.- Investimentos en proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular, mellora de servizos básicos con novas solucións innovadoras. 5.1.3.- Actuacións dirixidas a promover un modelo alimentario máis sostible, promover un consumo de alimentos e unhas dietas máis sostibles e saudables, reducir a perda e o desperdicio de alimentos, así como promover e consolidar os circuítos curtos de comercialización e a colaboración entre axentes. 5.1.4.- Actuacións dirixidas á consolidación do territorio como destino ecoturístico: desenvolvemento de actividades para a mellora da calidade turística; accións de fomento do ecoturismo, mellora nos roteiros existentes e adaptación para a posta en valor dos recursos culturais, naturais e gastronómicos. 5.1.5. O proxecto potencia a comercialización das producións locais e os mercados no territorio	13	
5.2.- Proxecto de investigación aplicada no eido dos sectores agrario ou forestal no territorio do GDR Mariñas-Betanzos, que contribúan á innovación destes sectores, posibilitando a aparición de novos produtos, servizos ou métodos de produción, transformación, ou comercialización innovadores*. * Deberase acreditar esta innovación no ámbito do GDR Mariñas-Betanzos mediante un informe dunha entidade oficial da administración pública con competencias ou políticas nese sector ou liñas de investigación no mesmo (Medio Rural, Innovación, Universidades, Centros de Investigación, etc.).		
5.3.- Proxecto dun centro social nunha edificación tradicional con valor patrimonial		
TOTAL	100	100%



J.5.6. RELACIÓN ENTRE CRITERIOS DE BAREMACIÓN E OBXECTIVOS PROPOSTOS E PLAN DE ACCIÓN DA EDLP

Neste apartado detállase a relación existente entre os criterios de baremación establecidos polo GDR23, tanto dos proxectos produtivos como dos proxectos non produtivos, e as liñas estratéxicas propostas no plan de acción (epígrafe I) e os obxectivos xerais da estratexia (epígrafe H).

PROXECTOS PRODUTIVOS

1. Localización xeográfica do investimento.

Nos criterios relacionados coa localización xeográfica do investimento, os proxectos produtivos serán baremados segundo a parroquia ou entidade colectiva de poboación onde vaian localizarse e a puntuación establécese tendo en conta as características socioeconómicas e demográficas dos concellos integrados no GDR Mariñas – Betanzos.

A través destes criterios dáselle prioridade aos proxectos que se desenvolvan naqueles concellos con menor renda dispoñible bruta, maior porcentaxe de paro, menor densidade de poboación, parroquias ou entidades de poboación con menos habitantes e parroquias ou entidades ou parroquias situadas en zonas de montaña ou en ENILs.

Deste xeito dáselle prioridade ós proxectos localizados nos concellos menos desenvolvidos do GDR e con maior perda de poboación e envellecemento para que, coa súa posta en marcha, contribúan a fixar poboación, mellorar a calidade de vida, fortalecer a cohesión e lograr un desenvolvemento harmónico e sostible do territorio.

Os obxectivos xerais onde máis se repiten os diferentes criterios da localización xeográfica son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.
- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 4: Mellorar os servizos á poboación incorporando as novas tecnoloxías e enerxías renovables.
- 5: Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.
- 8: Non discriminación e integración.

En canto ás liñas temáticas este criterio está presente en todas as liñas coa mesma frecuencia.

2. Características do promotor

En canto ao promotor do investimento, os proxectos produtivos serán baremados en función das características das persoas ou entidades promotoras dos mesmos, priorizando determinados colectivos co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración daqueles que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego e de reforzar a cohesión social no territorio.

Polo tanto, as puntuacións priman as mulleres, as persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33% ou en risco de exclusión social e inmigrantes ou emigrantes retornados así como as entidades de economía social e, en menor medida, aos homes de 40 anos ou menos e de 55 ou máis anos polas súas dificultades de inserción laboral.

Os obxectivos xerais que se ven influenciados polas características do promotor son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.



- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 5: Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.
- 7: Fomento das novas tecnoloxías no territorio.
- 8: Non discriminación e integración.

En canto ás liñas temáticas este criterio está presente nas seguintes liñas:

- LE1: Economía.
- LE2: Turismo e servizos .
- LE3: Social.

3. Incidencia do emprego sobre o proxecto

En canto á incidencia no emprego, os proxectos produtivos serán baremados pola súa creación de emprego en relación ao investimento e tamén se puntúa a contratación de determinados colectivos co obxectivo de promover a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración de determinados colectivos desfavorecidos e con dificultades de acceso ao mercado laboral.

Os obxectivos xerais que se ven influenciados polas características do promotor son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.
- 2: Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico, artellando unha rede de Espazos Naturais Protexidos que garantan a conservación dos hábitats e especies.
- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 5: Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.
- 7: Fomento das novas tecnoloxías no territorio.
- 8: Non discriminación e integración.

En canto ás liñas temáticas este criterio está presente en todas as liñas coa mesma frecuencia.

4. Impacto do proxecto sobre o territorio

Nos criterios relacionados coa tipoloxía do investimento e o impacto do mesmo sobre o territorio, os proxectos produtivos serán baremados en función da súa tipoloxía, da súa incidencia medioambiental no territorio e do seu carácter innovador.

Con referencia á tipoloxía dos investimentos, prímase os investimentos nunha serie de sectores considerados como prioritarios. En canto o sector primario, primaranse os proxectos cuxos investimentos estean vinculados a recuperación de terras agrarias e/ou os proxectos de transformación de produtos agrarios.

En canto á incidencia medioambiental dos proxectos prímase a utilización de enerxías renovables, as producións de calidade amparadas baixo selos de calidade ou certificacións recoñecidas, a reciclaxe e a reutilización, a inscricións en rexistros oficiais de pegada de carbono, a localización en polígonos industriais e, por suposto, a rehabilitación no canto da nova construción.

Por último, puntuarase o carácter innovador do investimento coa non existencia da actividade a nivel de concello ou de parroquia e a incorporación/utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Todos os obxectivos xerais vense influídos por este criterio, ao igual que as liñas estratéxicas.



5. Valor engadido sobre o territorio e a reserva da biosfera

Os proxectos produtivos serán baremados en función do valor engadido que xere no concello a implantación do proxecto, co fin de mellorar a calidade de vida, fortalecer a cohesión e lograr un desenvolvemento harmónico e sostible do territorio.

En canto o sector agrícola, primaranse os proxectos que empreguen exclusivamente variedades locais ou razas autóctonas ou que se inscriban en produción ecolóxica ou reconversión no CRAEGA, así como aqueles proxectos destinados á diversificación de actividades non agrarias en explotacións agrarias.

Primaranse os proxectos dirixidos a reducir a perda e desperdicio de alimentos, proxectos que teñen como obxectivo promover o consumo de alimentos e dietas saudables e proxectos que teñan como obxectivo mellorar a comercialización dos produtos agroalimentario amparados pola Marca Reserva da Biosfera.

Por último, primaranse os investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de Plans Estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por Agader; e aquelas actuacións vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación dos espazos rurais, enerxías renovables, TIC e economía circular.

Os obxectivos xerais que se ven influenciados polas características do promotor son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.
- 2: Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico, artellando unha rede de Espazos Naturais Protexidos que garantan a conservación dos hábitats e especies.
- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 4: Mellorar os servizos á poboación incorporando as novas tecnoloxías e enerxías renovables.
- 6: Fomentar un territorio eficiente e que loite contra o cambio climático.

En canto ás liñas temáticas este criterio está presente en todas as liñas coa mesma frecuencia.

Tras esta pequena memoria explicativa veremos de xeito gráfico as relación explicadas, polo que de seguido inclúense dous cadros, no primeiro vemos a relación entre os criterios de baremación dos proxectos produtivos e as liñas estratéxicas propostas no plan de acción e no segundo a relación entre eses criterios e os obxectivos xerais da estratexia do GDR23.



Táboa 1. Relación entre criterios de baremación e liñas estratéxicas dos proxectos produtivos.

BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS LEADER 2023 -2027	LIÑAS ESTRATÉXICAS			
	LE1. Economía	LE2. Turismo e servizos	LE3. Social	LE4. Desenvolvemento Sostible
1. Localización xeográfica				
1.1. Renda dispoñible bruto por habitante	X	X	X	X
1.2. Densidade de poboación	X	X	X	X
1.3. Taxa de paro	X	X	X	X
1.4. Localización do proxecto	X	X	X	X
1.5. Outros criterios xeográficos	X	X	X	
2. Características do promotor	X	X	X	X
3. Incidencia do emprego sobre o proxecto				
3.1. Por creación de emprego	X	X	X	X
3.2. Por contratación de determinados colectivos	X	X	X	X
4. Impacto do proxecto sobre o territorio	X	X	X	X
5. Valor engadido sobre o territorio e a reserva da biosfera	X	X	X	X



Táboa 2. Relación entre criterios de baremación, obxectivos e liñas estratéxicas dos proxectos produtivos

	OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS							
BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS LEADER 2023 -2027	1. Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio	2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico, artellando unha rede de Espazos Naturais Protexidos que garantan a conservación dos hábitats e	3. Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.	4. Mellorar os servizos á poboación incorporando as novas tecnoloxías e enerxías renovables.	5. Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.	6. Fomentar un territorio eficiente e que loite contra o cambio climático.	7. Fomento das novas tecnoloxías no territorio.	8. Non discriminación e integración.
	LE1 LE4	LE4	LE2	LE2	LE1	LE3	LE3	LE3
1. Localización xeográfica								
1.1. Renda dispoñible bruto por habitante	X		X	X	X			X
1.2. Densidade de poboación	X		X	X	X		X	X
1.3. Taxa de paro	X		X		X		X	X
1.4. Localización do proxecto	X	X	X	X	X	X	X	X
1.5. Outros criterios xeográficos	X	X	X	X		X		
2. Características do promotor	X		X		X		X	X
3. Incidencia do emprego sobre o proxecto								
3.1. Por creación de emprego	X	X	X		X		X	X
3.2. Por contratación de determinados colectivos	X	X	X		X		X	X
4. Impacto do proxecto sobre o territorio	X	X	X	X	X	X	X	X
5. Valor engadido sobre o territorio e a Reserva da Biosfera	X	X	X	X		X		



PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

1. Localización xeográfica do investimento.

Nos criterios relacionados coa localización xeográfica do investimento, os proxectos non produtivos serán baremados segundo a parroquia ou entidade colectiva de poboación onde vaian localizarse e a puntuación establécese tendo en conta as características socioeconómicas e demográficas dos concellos integrados no GDR Mariñas – Betanzos.

A través destes criterios dáselle prioridade aos proxectos que se desenvolvan naqueles concellos con menor renda dispoñible bruta, maior porcentaxe de paro, menor densidade de poboación, parroquias ou entidades de poboación con menos habitantes e parroquias ou entidades ou parroquias situadas en zonas de montaña ou en ENILs.

Deste xeito dáselle prioridade ós proxectos localizados nos concellos menos desenvolvidos do GDR e con maior perda de poboación e envellecemento para que, coa súa posta en marcha, contribúan a fixar poboación, mellorar a calidade de vida, fortalecer a cohesión e lograr un desenvolvemento harmónico e sostible do territorio.

Os obxectivos xerais onde máis se repiten os diferentes criterios da localización xeográfica son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.
- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 4: Mellorar os servizos á poboación incorporando as novas tecnoloxías e enerxías renovables.
- 5: Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.
- 8: Non discriminación e integración

En canto ás liñas temáticas este criterio está presente en todas as liñas coa mesma frecuencia.

2. Características do promotor.

En canto ao promotor do investimento, os proxectos non produtivos serán baremados en función das características das persoas ou entidades promotoras dos mesmos, priorizando determinados colectivos co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración daqueles que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego e de reforzar a cohesión social no territorio.

Polo tanto, as puntuacións priman as mulleres, as persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33% ou en risco de exclusión social e inmigrantes ou emigrantes retornados así como as entidades de economía social e, en menor medida, aos homes de 40 anos ou menos e de 55 ou máis anos polas súas dificultades de inserción laboral.

Os obxectivos xerais que se ven influenciados polas características do promotor son os seguintes:

- 1: Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio.
- 3: Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas.
- 5: Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.
- 7: Fomento das novas tecnoloxías no territorio.
- 8: Non discriminación e integración.



En canto ás liñas temáticas este criterio está presente nas seguintes liñas:

- LE1: Economía.
- LE2: Turismo e servizos .
- LE3: Social.

3. Capacidade de arrastre do proxecto, incidencia ambiental e contribución ó desenvolvemento sostible.

En xeral, primaranse os proxectos que consistan na creación, mellora ou ampliación de servizos que fomenten a inclusión social: servizos de igualdade e benestar á poboación, servizos de integración de comunidades marxinais e de persoas inmigrantes, servizos de coidado das persas maiores e da infancia.

En canto ós sectores ós que vai dirixido o proxecto, primaranse aqueles considerados como sectores en desvantaxe e que fomenten o aproveitamento das terras e do monte, a produción ecolóxica e a posta en valor do territorio dun xeito sostible. Primaranse os proxectos de investigación aplicada no eido dos sectores agrario ou forestal no territorio do GDR Mariñas – Betanzos, que contribúan á innovación destes sectores, posibilitando a aparición de novos produtos, servizos ou métodos de produción, transformación, ou comercialización innovadores.

En canto á incidencia medioambiental dos proxectos primase os proxectos que contribúe á loita fronte ó cambio climático ou empregue enerxías renovables e/ou temáticas eficientes de baixo consumo enerxético; e/ou que conteña implantación de sistemas de aforro de auga; e/ou sistemas de redución ou reutilización de residuos.

Por ultimo, serán primados aqueles proxectos promovidos por entidades de “economía social” (asociacións, fundacións e confrarías).

Todos os obxectivos xerais vense influídos por este criterio, ao igual que as liñas estratéxicas.

Tras esta pequena memoria explicativa veremos de xeito gráfico as relacións explicadas, polo que de seguido inclúense dous cadros, no primeiro vemos a relación entre os criterios de baremación dos proxectos non produtivos e as liñas estratéxicas propostas no plan de acción e no segundo a relación entre eses criterios e os obxectivos xerais da estratexia do GDR23.



Táboa 3. Relación entre criterios de baremación e liñas estratéxicas dos proxectos non produtivos.

BAREMO PROXECTOS NON PRODUTIVOS LEADER 2023 -2027	LIÑAS ESTRATÉXICAS			
	LE1. Economía	LE2. Turismo e servizos	LE3. Social	LE4. Desenvolvemento Sostible
1. Localización xeográfica				
1.1. Renda dispoñible bruto por habitante	X	X	X	X
1.2. Densidade de poboación	X	X	X	X
1.3. Taxa de paro	X	X	X	X
1.4. Localización do proxecto	X	X	X	X
1.5. Outros criterios xeográficos	X	X	X	X
2. Características do promotor	X	X	X	X
3. Capacidade de arrastre do proxecto, incidencia ambiental e contribución ó desenvolvemento sostible				
3.1. creación ou mellora de proxectos de inclusión social		X	X	
3.2. Proxecto dirixido a sector en desvantaxe	X		X	X
3.3. accións de emprendemento e promoción de emprego	X	X	X	X
3.4. Produtos locais	X	X		X
3.5. Loita contra cambio climático		X	X	X
3.6. Entidades de economía social	X	X	X	X
3.7. Investigación en sectores agrario e forestal	X		X	X



Táboa 4. Relación entre criterios de baremación, obxectivos e liñas estratéxicas dos proxectos non produtivos.

BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS LEADER 2023 -2027	OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS							
	1. Posta en valor do sector agroalimentario e forestal, aproveitando a potencialidade do territorio	2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico, artellando unha rede de Espazos Naturais Protexidos que garantan a conservación	3. Fomentar o territorio como un destino de ecoturismo sostible en base á Reserva da Biosfera Mariñas Corruñesas.	4. Mellorar os servizos á poboación incorporando as novas tecnoloxías e enerxías renovables.	5. Promover a creación e mantemento de emprego, especialmente vinculados o sector agrario e forestal.	6. Fomentar un territorio eficiente e que loite contra o cambio climático.	7. Fomento das novas tecnoloxías no territorio.	8. Non discriminación e integración.
	LE1 LE4	LE4	LE2	LE2	LE1	LE3	LE3	LE3
1. Localización xeográfica								
1.1. Renda dispoñible bruto por habitante	X		X	X	X			X
1.2. Densidade de poboación	X		X	X	X		X	X
1.3. Taxa de paro	X		X		X		X	X
1.4. Localización do proxecto	X	X	X	X	X	X	X	X
1.5. Outros criterios xeográficos	X	X	X	X		X		
2. Características do promotor	X		X		X		X	X
3. Incidencia do emprego sobre o proxecto								
3.1. Creación ou mellora de proxectos de inclusión social				X			X	X
3.2. Proxecto dirixido a sectores en desvantaxe	X				X	X	X	X
3.3. Accións de emprendemento e promoción de emprego	X		X	X	X		X	X
3.4. Produtos locais	X		X		X			
3.5. Loita contra cambio climático		X	X			X		
3.6. Entidades de economía social		X	X	X	X		X	X
3.7. Investigación en sectores agrario e forestal	X				X		X	



J.6. PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLICTOS DE INTERESE NOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE AVALIACIÓN E DECISIÓN DO GDR.

Enténdese como conflito de interese no GDR, cando un membro dos órganos de decisión (Asemblea ou Xunta Directiva), xerente ou membro do equipo técnico ten un interese persoal que pode influenciarlle á hora de tomar unha decisión dentro do desempeño do seu cargo. E este factor, de clara subxectividade, entra en colisión cos principios substanciais que deben rexer unha política de transparencia na xestión de fondos públicos. Neste sentido, o GDR Mariñas - Betanzos introducirá accións no seu procedemento administrativo que asegurarán dunha xeito eficaz a inexistencia de intereses particulares que poidan outorgar ao beneficiario un trato preferente na tramitación ou concesión da axuda.

O GDR23 entende que os órganos de decisión da Asociación, o xerente e o persoal técnico incorrerán en conflito de intereses nos seguintes supostos, debendo absterse de intervir na xestión das axudas:

- Ter interese persoal no asunto ou noutro en cuxa resolución puidera influír a de aquel.
- Ser socio, administrador de sociedade ou entidade beneficiaria.
- Ser Alcalde ou cargo electo no concello solicitante.
- Ser administrador ou membro da sociedade, asociación ou entidade interesada ou asesor, representante legal ou mandatario que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados, cos administradores entidades ou sociedades interesadas ou cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento do que se trate.
- Ter relación de servizo coa persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

O procedemento que seguirá o GDR Mariñas - Betanzos para determinar a existencia ou non de conflito de intereses durante a fase de instrución dun expediente será o seguinte:

- Xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto, que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
- Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR, ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
- Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto.
- Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR23 deberá remitir o asunto á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.



J.7. MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA, E PROCESOS DE TOMA DE DECISIÓNS E PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.

Os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência son fundamentais para garantir a transparencia, a eficacia e a legalidade da xestión dunha asociación como a do GDR23. Estes principios deben rexer tanto os procesos de toma de decisións como os procedementos de contratación que realiza a asociación. Para iso, é necesario establecer mecanismos que aseguren o cumprimento dos devanditos principios, tales como:

- A publicación das convocatorias, os pregos, as ofertas e os resultados dos procesos de contratación no portal web da asociación e no perfil do contratante.
- A constitución de órganos colegiados, independentes e plurais, encargados de valorar as ofertas e adxudicar os contratos, así como de resolver as posibles reclamacións ou recursos que se presenten.
- A aplicación de criterios obxectivos, técnicos e económicos para a selección das ofertas máis vantaxosas para a asociación, evitando calquera tipo de discriminación ou favoritismo.
- A supervisión e o control da execución dos contratos por parte da asociación, verificando o cumprimento das condicións pactadas e o grao de satisfacción cos servizos ou produtos contratados.

En canto ao principio de **obxectividade**: cumprírase mediante a aplicación das normas da Asociación para a xestión do programa, especialmente dos criterios para a selección e priorización de proxectos que se estableceron e publicaron previamente, así como da adecuada xustificación da selección ou rexeitamento de cada proxecto. Os proxectos trátanse seguindo unha correcta orde de entrada e seleccionáronse aplicando os criterios fixados no baremo de valoración de proxectos do GDR, o cal dispón dos criterios de puntuación claramente especificados así como dos criterios de desempate no caso de que dous ou máis proxectos obteñan a mesma puntuación.

En canto ao principio de **publicidade**: tanto das convocatorias que se realicen como das regras para a selección dos proxectos e para as contratacións que deba facer a Asociación (persoal, servizos, compras, ...). Este principio garántese mediante a publicación da información relevante a través dos diferentes medios cos que conta o GDR (web propia, redes sociais, intervencións en medios, notas de prensa e envío de información directamente -papel ou correo electrónico).

Finalmente, no respectivo ao principio de **imparcialidade**: a Asociación esixe que os membros do equipo xestor que avalíe o proxecto e os membros da Xunta Directiva sexan imparciais nas súas tomas de decisión. Nos seus estatutos xa recollen que:

1. Deberá xuntarse a cada expediente aprobado pola Xunta Directiva, unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participan na selección dun proxecto, que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. Se unha persoa do comité de avaliación (equipo técnico) ou decisión (Xunta Directiva) do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal coa persoa promotora do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no proxecto, deberá presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente.
3. Calquera interese común deberá ser declarado, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.



4. Se algún membro do comité de avaliación ou selección (Xunta Directiva), se atopa na situación dos puntos anteriores, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas das reunións.



ANEXOS

ANEXO I. PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO (2023-2032).

Liña 1	
✕	Accións
●	Acción 1.1. Fortalecer o funcionamento da Reserva de Biosfera e os seus órganos de xestión.
●	Acción 1.2. Colaborar coas administracións e outras entidades locais ou rexionais, prestando apoio técnico para incorporar innovacións e boas prácticas, e participando en proxectos colaborativos.
●	Acción 1.3. Fortalecer as sinerxías coas entidades públicas e privadas do territorio, buscando alianzas para a consecución dos seus obxectivos.
●	Acción 1.4. Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.
Liña 2	
✕	Accións
●	Acción 2.1. Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva de Biosfera.
●	Acción 2.2. Conectividade ecolóxica e infraestruturas verdes e azuis.
●	Acción 2.3. Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.
Liña 3	
✕	Accións
●	Acción 3.1. Responsabilidade social, calidade de vida, emprego e alianzas.
●	Acción 3.2. Medio rural e mar
●	Acción 3.3. Medio urbano e áreas grises
●	Acción 3.4. Actividades de uso público e turismo sostible
Liña 4	
✕	Accións
●	Acción 4.1. Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
●	Acción 4.2. Actividades educativas, desenvolvemento de capacidades e innovación.
●	Acción 4.3. Traballo en rede, cooperación e aprendizaxe compartido.



ANEXO II. DENSIDADE POBOACIÓN ANO 2021

Concellos	Densidade (hab/km ²)	Variación 5 anos	Variación 10 anos
Abegondo	65	-1,37%	-5,2%
Aranga	15,7	-6,55%	-10,8%
Arteixo	354,3	5,32%	7,8%
Bergondo	210,7	2,93%	1,8%
Betanzos	542,6	0,17%	-1,9%
Cambre	606,1	2,02%	3,6%
Carral	135,2	6,04%	7,6%
Coirós	57,5	6,09%	9,1%
Culleredo	493,1	3,61%	5,8%
Curtis	35,2	2,03%	-1,9%
Irixoa	20,5	-1,91%	-8,1%
Oleiros	844,9	6,00%	8,9%
Oza-Cesuras	34,9	-0,57%	n/a*
Paderne	61,5	-3,15%	-8,2%
Sada	608,9	8,50%	11,7%
Total GDR-23	272,4	3,99%	6,1%
A Coruña	141,1	-0,21%	-1,6%
Galicia	91,2	-0,87%	-2,8%

Fonte: IGE



ANEXO III. RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE POR CONCELLOS

	2019	EUROS
	Galicia	16.007
	A Coruña	17.159
15001	Abegondo	16.209
15003	Aranga	13.154
15005	Arteixo	14.955
15008	Bergondo	18.652
15009	Betanzos	15.930
15017	Cambre	26.004
15021	Carral	16.069
15027	Coirós	14.561
15031	Culleredo	17.654
15032	Curtis	14.947
15039	Irixoa	14.352
15058	Oleiros	25.054
15902	Oza-Cesuras	14.650
15064	Paderne	15.131
15075	Sada	17.070

Fonte: IGE. Renda municipal dos fogares. Revisión estatística 2019; IGE Cifras poboacionais de referencia.



ANEXO IV. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS

CONCELLOS INCLUÍDOS NUN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DE PESCA (GALP)

Concellos do GDR-23 segundo a súa pertenza a un GALP. Fonte: Consellería do Mar, Xunta de Galicia	
CONCELLO	GALP
Abegondo	-
Aranga	-
Arteixo	GALP Golfo Ártabro Sur
Bergondo	GALP Golfo Ártabro Sur
Betanzos	-
Cambre	GALP Golfo Ártabro Sur
Carral	-
Coirós	-
Culleredo	GALP Golfo Ártabro Sur
Curtis	-
Irixoa	-
Oleiros	GALP Golfo Ártabro Sur
Oza - Cesuras	-
Paderne	GALP Golfo Ártabro Norte
Sada	GALP Golfo Ártabro Sur



CONCELLOS LOCALIZADOS EN ZONA DE MONTAÑA OU DESFAVORECIDAS

Concellos do GDR-23 segundo localización en zonas de montaña ou desfavorecidas. Fonte: Fogga, Xunta de Galicia	
CONCELLO	GALP
Abegondo	Non
Aranga	Si
Arteixo	Non
Bergondo	Non
Betanzos	Non
Cambre	Non
Carral	Non
Coirós	Si
Culleredo	Non
Curtis	Si
Irixoa	Si
Oleiros	Non
Oza - Cesuras	Non
Paderne	Non
Sada	Non



CONCELLOS CON PARTE DO SEU TERRITORIO INCLUÍDO NUN ESPAZO NATURAL PROTEXIDO NO GDR-23

Concellos do GDR-23 con Espazos Naturais Protexidos no seu ámbito. Fonte Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Xunta de Galicia.	
Concello	Espazo Natural Protexido incluído
Abegondo	Encoro de Abegondo-Cecebre
Aranga	Betanzos-Mandeo
Arteixo	Costa da Morte
Bergondo	Betanzos-Mandeo
Betanzos	Encoro de Abegondo-Cecebre; Betanzos-Mandeo
Cambre	Encoro de Abegondo-Cecebre
Carral	Encoro de Abegondo-Cecebre
Coirós	Betanzos-Mandeo
Culleredo	-
Curtis	-
Irixoa	Betanzos-Mandeo
Oleiros	Costa de Dexo
Oza - Cesuras	Betanzos-Mandeo
Paderne	Betanzos-Mandeo
Sada	-

ESPAZOS NATURAIS DE INTERESE LOCAL (ENIL)

Concello de Sada	Brañas de Sada
concello de Abegondo	Ribeiras do Mero-Barcés
Concello Carral	Rio Abelleira





DIRECCIÓN

Asociación Mariñas-Betanzos.
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.
15318 Abegondo (A Coruña).

CONTACTO

info@marinasbetanzos.gal
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)

